

Fran Alonso

Übersetzung: Franck Meyer

Persianas, pedramol e outros nervios (1992)

Vom Fenster aus sieht man nichts als Beton,

Liebste, ein trauriger Ekel, dieser Taumel der Stadt,
eine Unruhe, die an den Nerven nagt.

Wer hält uns denn gefangen?

Vielleicht wir selbst, die Zeit
und der Rost in uns.

Du schlägst eine Landkarte auf, Liebste. Sie ist aus Beton.

Irgendwann drohe ich, fortzugehen. Einfach weg.

Und du lachst wie verrückt und zeigst Richtung Tür.

Wer hält uns gefangen in dieser Hölle?

Desde a ventá nunca se ve máis aló do formigón,

amor, unha triste náusea urbana, esa vertixe,
unha inquedanza a rillar nos nervios.

¿De quen somos prisioneiros?

Se cadra de nós mesmos, do tempo,
e da ferruxe que levamos dentro.

Despregas un mapa, amor. É de formigón.

Un día ameazo con me ir. Con marchar.

E ti ris coma unha tola, sinalando para a porta.

¿De quen somos prisioneiros neste inferno?

Tortillas para os obreiros (1996)

Unruhige See.

Möwen fliegen überm Bug.
Vigo frißt meine eiskalten Füße
und unterm Rock
bedrängt mich der Winter.
Der beschissene Tag beginnt mit seinem Trott.
Cangas schwimmt hinter mir.
Meine Zunge schmeckt nach Salz und Sperma.
Ich stelle mir meinen Mann vor, wie er schläft,
während mich das Schiff zum Hafen bringt.
Die taumelnden Gebäude in den Wolken
füllen meine Augen mit Scheuersand.
Alles schrecklich schön.
Erlösen wird mich allein die Wärme der Herdplatten.

Mar picado.

As gaivotas sobrevoan a proa.
Vigo engóleme os pés xeados
e o inverno penétrame
por baixo das saias.
O día, cabrón, inicia a súa rutina.
Cangas desdebúxase, cabeza atrás.
Sábeme a lingua a sal e aínda a seme.
Imaxino o meu home, a durmir,
mentres o barco me achega a porto.
A vertixe dos edificios entre as nubes
éncheme os ollos de pedramol.
Todo é fermoso e brutal.
A única redención espérame na caloriña dos fogóns.

Vigo wirkt von hier aus wie New York.

Wie in den Samstagsfilmen.

Und lächelt mir zu, von gegenüber, zynisch,
schön und arrogant, die Stadt meiner Qual,
kurz davor, mich zu verschlingen.

Zurück bleibt das Meer von Cangas
und spült meinem Mann die Träume fort
im Schlaf.

Dasselbe Meer ist immer anders in jedem Moment
und vor jedem Auge.

Vigo desde aquí parece Nova York.

Coma nas películas dos sábados.

E sorrime, desde enfronte, cinicamente,
fermosa e altiva, a cidade das miñas penas,
a piques de engulirme.

Atrás queda o mar de Cangas,
varréndolle os soños ao meu home,
que dorme.

O mesmo mar sempre é distinto a cada instante
e a cada ollo.

Schlafen wird er, mein Junge, gestrandet in irgendeinem Hauseingang.

Er war klein und vernascht.

Er machte in die Hose, bis er sechs war.

Und nie wollte er in die Schule, immer nur spielen, sich im Wind auf den Sandbänken von Rodeira verlaufen auf der Suche nach Plastikflaschen und leeren Dosen, mit denen er mir die Spüle vollstopfte.

Er hatte die großen Augen der Mutter und in der Seele die schwarze Unruhe des Vaters.

Und vor den Büchern erstickte er wie eine rote Tomate, die aufplatzt, daß der Saft fließt.

Er wird in irgendeinem Hauseingang schlafen, mein Junge.

Den kaputten Blick auf einen Punkt der Kindheit gerichtet und die subkutane Schwärze der Seele in die Venen gespritzt.

Durmirá, meu fillo, tirado en calquera portal.

Era pequecho e lambón.

Cagou por el ata os seis anos.

E nunca quixo ir á escola senón xogar a perderse entre o vento nos areais de Rodeira á procura de botellas de lixivia e latas baleiras coas que me enchía o fregadeiro.

Tiña os ollos grandes da nai e, na alma, a inquedanza negra do pai.

E diante dos libros afogaba coma un tomate colorado que abre e comeza a ceibar o zume.

Durmirá en calquera portal, meu fillo.

Coa ollada estragada nun punto da infancia e a negrura hipodérmica da alma inxectada nas veas.

Meine Stadt hat viele Mängel.

Durch ihren tausendfachen Lärm
heult eine Sirene.
Und ich weiß, es fehlen Bäume.
Und es gibt keine Parks, so lang wie ein Zug.
Und die Menschen sind sich fremd.
Die Vögel ziehen fort,
weil es kein Stillschweigen gibt
und die Gebäude ihren Flug zersetzen.
Doch ich mag sie, weil
es die Stadt ist, in der ich geboren wurde.

Esta miña urbe ten moitos defectos.

Entre os seus mil ruídos,
soa unha sirena.
E sei que faltan árbores.
E non hai parques longos, coma o tren.
E as xentes son estrañas entre si.
Os paxaros marchan
porque non hai silencios apagados
e os edificios derrétenlles o voo.
Pero eu queroa porque
é a cidade onde nacín.